

REGULAMENTO DE PROFESORADO

ÍNDICE

Sección primeira: do persoal docente e investigador

Artigo 1. Ámbito de aplicación

Sección segunda: do labor do PDI

Artigo 2. Componentes da actividade do PDI

Artigo 3. Carga e capacidade docente

Sección terceira: dos cadros de profesorado

Artigo 4. Cadros de profesorado con vinculación permanente

Artigo 5. Plan docente anual e Plan de organización docente

Artigo 6. Porcentaxes de persoal contratado e temporal

Sección cuarta: do persoal docente contratado

Artigo 7. Axudantes/as

Artigo 8. Profesorado axudante doutor

Artigo 9. Profesorado contratado doutor

Artigo 10. Profesorado asociado

Artigo 11. Profesorado visitante

Artigo 12. Remuneración do profesorado contratado

Artigo 13. Lectores/as

Artigo 14. Profesorado interino en prazas vacantes

Artigo 15. Profesorado contratado interino de substitución

Artigo 16. Profesorado emérito

Sección quinta: das prazas de profesorado e dos seus concursos

Artigo 17. Novas prazas de profesorado

Artigo 18. Concursos de acceso aos corpos docentes

Artigo 19. Concursos de profesorado contratado

Sección sexta: dos dereitos e deberes do PDI

Artigo 20. Dereitos do PDI

Artigo 21. Deberes do PDI

Artigo 22. Capacidade docente e capacidade investigadora

Artigo 23. Xornada laboral

Artigo 24. Mobilidade do PDI

Artigo 25. Dedicación a tempo completo e a tempo parcial

Artigo 26. Permisos e licenzas

Artigo 27. Anos sabáticos

Artigo 28. Comisións de servizo e suspensión do contrato

Artigo 29. Xubilación

Artigo 30. Colaboración con outras entidades ou persoas físicas

Sección sétima: da carreira académica

Artigo 31. Promoción do profesorado axudante doutor e contratado doutor

Sección oitava: dos programas de promoción

Artigo 32. Programas especiais de promoción

Disposicións adicionais

Disposición final

Sección primeira: do persoal docente e investigador

Artigo 1. Ámbito de aplicación

O presente regulamento é aplicable ao persoal docente e investigador (PDI) da Universidade de Vigo con capacidade docente, o cal pode pertencer ás seguintes categorías:

- a) Profesorado dos corpos docentes universitarios.
- b) Profesorado contratado en réxime laboral como contratado doutor, axudante doutor, asociado, visitante, interino e emérito.
- c) Axudantes/as.
- d) Persoal investigador adscrito á Universidade de Vigo en virtude de programas de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, de acordo co establecido nos programas ou convocatorias específicas.
- e) Lectores/as de linguas estranxeiras.

Sección segunda: do labor do PDI

Artigo 2. Componentes da actividade do PDI

- 1 A actividade académica do PDI, segundo lle corresponda pola súa categoría, comprende a realización de funcións docentes, de investigación, de innovación, de transferencia e de divulgación do coñecemento, así como complementariamente de goberno, dirección, representación e xestión.
- 2 A actividade docente do PDI consta de docencia presencial e non presencial, teórica e práctica, incluíndo a súa preparación, do material docente e das probas de avaliación, as titorías e outras actividades docentes. As obrigas docentes anuais serán as establecidas na lexislación vixente. A actividade docente do PDI poderá acumularse en determinados períodos do curso académico, de conformidade co Plan de organización docente (POD). No caso de profesorado a tempo parcial, procurarase que a docencia se reparta ao longo do curso académico.
- 3 A actividade investigadora, de innovación e transferencia de coñecemento terán como finalidade a mellora do coñecemento existente nos distintos ámbitos, a consecución de novos coñecementos ou técnicas e a súa posta a disposición da sociedade.
- 4 Para o PDI a tempo completo con plena capacidade investigadora e docente, haberá, en xeral, un equilibrio entre o tempo dedicado á actividade de investigación, innovación e transferencia e o tempo dedicado á actividade docente. Non obstante, poderán existir criterios de intensificación da actividade do profesorado en tarefas investigadoras ou docentes derivados da lexislación vixente e das normas de aplicación que poida establecer o Consello de Goberno.

- 5 En xeral, salvo acordo expreso, o PDI que desempeña tarefas de goberno, dirección, representación ou xestión terá a mesma redución tanto nas súas obrigas docentes como investigadoras.
- 6 A actividade académica anual de cada membro do PDI quedará reflectida no seu plan de dedicación académica individual (PDAI). Para tal fin, a Universidade establecerá as normas para o recoñecemento das actividades do PDI dentro dos compoñentes anteriormente definidos. O PDAI terase en conta na docencia asignada no Plan de organización docente.

Artigo 3. Carga e capacidade docente

- 1 Para os efectos da elaboración do POD, a carga docente dun departamento, centro ou calquera outra unidade de xestión académica é a suma da docencia que teña encomendada en titulacións oficiais da Universidade de Vigo.
- 2 O cómputo da carga docente básica dunha titulación será establecido plurianualmente polo Consello de Goberno, e fundamentarase no número de alumnado matriculado na titulación e nos créditos matriculados, tendo en conta tamén indicadores tales como as taxas académicas (abandono, graduación, eficiencia etc.). Tamén se poderán considerar os obxectivos fixados pola Universidade de Vigo para os anteriores indicadores, así como para outros parámetros académicos como a proporción de presencialidade, a proporción entre o número de estudantes e o número do profesorado e a estabilidade acadada pola titulación, entre outros.
- 3 A carga docente básica dun departamento é a que resulta das propostas de distribución entre os departamentos da carga docente básica das distintas titulacións oficiais, por acordo dos centros e nos termos que estableza a normativa vixente.
- 4 Co fin de facilitar a planificación dos cadros de profesorado, as normas plurianuais de cómputo da carga básica deberán permitir que esta goce de estabilidade ou evolucione de xeito previsible a curto e medio prazo.
- 5 Para os efectos da elaboración do POD, a capacidade docente dun departamento é a suma das capacidades docentes de todo o PDI do departamento segundo a súa dedicación, unha vez aplicados os recoñecementos docentes que correspondan.
- 6 A capacidade docente básica dun departamento é a suma das capacidades docentes de todo o seu profesorado con vinculación permanente, profesorado con dereito a reserva de praza, e mais a correspondente ás prazas con dereito a promoción.

Sección terceira: dos cadros de profesorado

Artigo 4. Cadros de profesorado con vinculación permanente

- 1 A Universidade de Vigo elaborará e actualizará os cadros de profesorado con vinculación permanente por departamentos e por campus. Enténdese por cadro de profesorado con vinculación permanente dun departamento a relación do seu profesorado que pertenza aos corpos sinalados no apartado a) do artigo 1 e ao profesorado contratado doutor.
- 2 En cumprimento do artigo 88 dos Estatutos da Universidade de Vigo, os departamentos elaborarán as propostas de asignación das novas prazas do profesorado ás áreas de coñecemento que os conforman.
- 3 Para elaborar e actualizar os cadros de profesorado con vinculación permanente terase en conta a carga docente básica, nos termos que acorde o Consello de Goberno.
- 4 A relación de postos de traballo prevista na lexislación vixente virá dada polos cadros de profesorado con vinculación permanente que se establezan, vinculados ás súas unidades docentes.

Artigo 5. Plan docente anual e Plan de organización docente

- 1 En cada curso académico elaborárase o Plan docente anual (PDA) e o Plan de organización docente (POD), en que se terán en conta as necesidades docentes nas distintas titulacións e a capacidade docente do PDI, nos termos que acorde o Consello de Goberno.
- 2 A asignación anual das horas totais de profesorado para cada titulación estará fundamentada na proporcionalidade que se estableza nas normas do PDA anual entre as horas de profesorado e a estimación dos ECTS que se espera ter matriculados. Para a citada estimación considerarase, cando sexa posible, a matrícula anteriormente acadada.
- 3 Na organización da docencia que se imparte en cada titulación procurarase que o tamaño dos grupos do alumnado sexa o máis axeitado para o desenvolvemento adecuado das actividades de docencia e aprendizaxe. Para tal fin, os centros responsables da impartición de cada titulación proporán anualmente o PDA correspondente que distribuirá as horas de profesorado totais asignadas tendo en conta as peculiaridades das ensinanzas e as instalacións dispoñibles para o seu desenvolvemento.
- 4 No cómputo da capacidade docente do PDI teranse en conta todos os compoñentes da actividade do PDI reflectidos no PDAI. Este cómputo poderá prever criterios correctores que compensen o esforzo realizado en función de factores como o número de estudantes, a implantación de novas titulacións ou materias, entre outros.

Artigo 6. Porcentaxes de persoal contratado e temporal

- 1 O total do PDI contratado na Universidade, computado na súa equivalencia a tempo completo non poderá superar o 49 % do total de persoal docente e investigador. Nesa porcentaxe só se computará o profesorado contratado que imparta docencia en ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais e non se considerará o profesorado asociado que se determine nos concertos entre as universidades e as institucións sanitarias.
- 2 O persoal docente e investigador con contrato laboral temporal non poderá superar o 40 % do persoal docente e investigador.
- 3 En xeral, procurarase que se cumpran as anteriores porcentaxes individualmente en cada titulación e centro, para o cal se poderán establecer programas plurianuais que permitan a converxencia a estes límites cando aínda non se superen, así como a revisión dos resultados acadados.

Sección cuarta: do persoal docente contratado

Artigo 7. Axudantes/as

- 1 A Universidade poderá contratar a tempo completo, coa duración prevista legalmente, axudantes/as entre as persoas que cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente.
- 2 A actividade dos axudantes/as estará orientada a completar a súa formación docente e investigadora e colaborarán en tarefas docentes de índole práctica nos termos establecidos na lexislación vixente.

Artigo 8. Profesorado axudante doutor

- 1 A Universidade poderá contratar a tempo completo, coa duración prevista legalmente, profesorado axudante doutor entre as persoas que cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente. En calquera caso, o tempo total de duración dos contratos de axudante e axudante doutor, na mesma ou distinta universidade, non poderá exceder de oito anos.
- 2 A finalidade do contrato de axudante doutor será a de desenvolver tarefas docentes e de investigación.
- 3 O profesorado axudante doutor terá unha capacidade docente igual á capacidade ordinaria do profesorado a tempo completo con vinculación permanente.

Artigo 9. Profesorado contratado doutor

- 1 A Universidade poderá contratar profesorado contratado doutor a tempo completo con carácter indefinido mediante un concurso de acceso, segundo os requisitos esixidos na lexislación vixente.

- 2 O profesorado contratado doutor terá os mesmos dereitos e obrigas que o profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios, agás os que a lexislación vixente reserva a estes últimos.

Artigo 10. Profesorado asociado

- 1 Poderase contratar, a tempo parcial, profesorado asociado entre profesionais de recoñecida competencia que acrediten o exercicio da súa profesión fóra do ámbito académico universitario. A misión do profesorado asociado será desenvolver actividades docentes en que se acheguen os seus coñecementos e experiencia profesional á Universidade.
- 2 O profesorado asociado contratarase con carácter temporal nos termos previstos na lexislación vixente.
- 3 Na rama de ciencias da saúde aplicarase, de ser o caso, a duración dos contratos do profesorado asociado prevista polos concertos entre a Universidade e as institucións sanitarias correspondentes.

Artigo 11. Profesorado visitante

- 1 Poderase contratar profesorado visitante, con dedicación a tempo completo ou parcial, entre doutores/as de recoñecido prestixio doutras universidades ou centros de investigación para desenvolver actividades docentes e investigadoras. O contrato do profesorado visitante será por un período máximo de dous anos improrrogables.
- 2 A contratación do profesorado visitante será acordada polo Consello de Goberno por proposta dun departamento, acompañada dun informe sobre a actividade e méritos do ou da docente e as tarefas previstas que se desenvolverán na Universidade de Vigo.

Artigo 12. Remuneración do profesorado contratado

- 1 O profesorado axudante, axudante doutor e asociado terá a remuneración establecida na lexislación vixente e de acordo co establecido no convenio colectivo.
- 2 A remuneración do profesorado contratado doutor e profesorado visitante será determinada pola Universidade, e estará comprendida dentro dos límites fixados na lexislación vixente e de acordo co establecido no convenio colectivo.

Artigo 13. Lectores/as

Poderanse contratar temporalmente en réxime laboral lectores/as nos departamentos correspondentes ás áreas de coñecemento das linguas estranxeiras. As súas condicións contractuais fixaranse no convenio colectivo.

Artigo 14. Profesorado interino en prazas vacantes

Poderanse cubrir con carácter interino as prazas que correspondan aos corpos docentes universitarios, así como as prazas de persoal contratado fixo en tanto se produce a súa cobertura definitiva polo procedemento legalmente establecido.

Artigo 15. Profesorado contratado interino de substitución

- 1 Poderase contratar con carácter temporal profesorado interino para cubrir necesidades temporais de docencia xeradas por exencións docentes do profesorado, circunstancias sobrevidas, de carácter extraordinario ou suspensión temporal da actividade dun profesor/a.
- 2 O profesorado contratado interino de substitución terá dedicación parcial e as súas condicións salariais fixaranse no convenio colectivo.
- 3 A provisión de prazas de profesorado interino de substitución realizarase mediante listaxes de agarda que se poderán xerar mediante un concurso específico ou a partir dos concursos de profesorado. O procedemento do concurso e a contratación regularase pola normativa específica que aprobe o Consello de Goberno.
- 4 A duración do contrato será a determinada polo motivo da substitución e como máximo ata a finalización do curso académico para o que se produce a contratación.

Artigo 16. Profesorado emérito

- 1 A Universidade de Vigo poderá nomear profesorado emérito entre profesorado xubilado que prestase destacados servizos docentes e investigadores á Universidade.
- 2 A contratación de profesorado emérito será acordada polo Consello de Goberno por proposta do departamento ao que pertence a ou o docente. Para tal efecto, o Consello de Goberno aprobará unha normativa que estableza as condicións de acceso á figura de profesorado emérito, retribución, termos da súa colaboración docente e investigadora, e mais a súa duración.
- 3 A contratación de novo profesorado emérito terá en consideración os anos de servizo na Universidade de Vigo, o labor desempeñado no ámbito da docencia e da investigación e o desempeño de cargos académicos.

Sección quinta: das prazas de profesorado e dos seus concursos

Artigo 17. Novas prazas de profesorado

- 1 Por necesidades docentes, a Universidade de Vigo convocará anualmente unha oferta de novas prazas de profesorado, utilizando as figuras establecidas na lexislación vixente.
- 2 Se os departamentos dispoñen nun campus dun déficit entre a capacidade docente básica e a carga docente básica igual ou superior á dedicación dun profesor/a a tempo completo con vinculación permanente, poderán solicitar para o citado campus a convocatoria de prazas de profesorado axudante doutor, profesorado contratado doutor ou de persoal funcionario dos corpos docentes universitarios. Igualmente, o déficit entre a capacidade docente básica e a carga docente básica nun campus poderá compensarse mediante a mobilidade do PDI, tal e como se recolle na sección sexta do presente regulamento.
- 3 Os departamentos poderán solicitar a convocatoria de prazas de axudante/a nos termos que se establezan nas normas do POD anualmente.
- 4 A Universidade poderá realizar convocatorias de selección do persoal docente e investigador sempre que as prazas ofertadas estean dotadas no estado de gastos dos seus orzamentos, dándolle a necesaria publicidade e comunicándolla con suficiente antelación para a súa difusión ao organismo que corresponda.
- 5 Os concursos do persoal docente e investigador resolveranse respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Artigo 18. Concursos de acceso aos corpos docentes

- 1 O profesorado universitario funcionario pertencente aos corpos docentes nacionais de catedráticos/as e de profesorado titular de universidade seleccionárase por iniciativa da Universidade de Vigo. Levarase a cabo mediante un concurso de acceso convocado polo reitor ou reitora, tras a aprobación do Consello de Goberno, e terá a condición de persoal funcionario adscrito a ela para os efectos da súa relación de servizo.
- 2 A denominación das prazas para prover mediante un concurso de acceso entre acreditados/as será necesariamente a dalgunha das áreas de coñecemento que figuran no correspondente catálogo oficial con indicación do corpo que corresponda.
- 3 As comisións de selección dos concursos de acceso entre acreditados/as serán aprobadas polo Consello de Goberno por proposta dos departamentos, e estarán compostas por cinco membros da área de coñecemento ou de áreas afíns e de categoría igual ou superior á praza obxecto do concurso. Para estes efectos, consideraranse áreas afíns as pertencentes ao mesmo campo CNEAI.
- 4 Un dos membros da comisión de acceso actuará como presidente ou presidenta que deberá pertencer ao corpo de catedráticos/as de universidade e contar, polo menos, con dous tramos de investigación recoñecidos.

- 5 Das restantes persoas que compoñan a comisión, unha delas desempeñará a secretaría e as demais actuarán como vogais. En ambos os casos deberán pertencer aos corpos docentes universitarios ou postos equivalentes previstos na lexislación, ter categoría igual ou superior á da praza obxecto de concurso e contar polo menos cun tramo de investigación recoñecido para o caso de concursos de acceso ao corpo de profesores/as titulares de universidade e dous tramos para o caso de concursos de acceso ao corpo de catedráticos/as de universidade. Excepcionalmente, o Consello de Goberno poderá eximir estes membros destes requisitos cando non sexa posible completar a comisión con membros que os cumbran.
- 6 A composición das comisións de selección deberá axustarse aos principios de imparcialidade e de profesionalidade dos seus membros, e procurará ter unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.
- 7 A convocatoria, realizada por Resolución reitoral, determinará as prazas obxecto do concurso, sinalando a categoría do corpo, a área de coñecemento á que pertencen e, no seu caso, as actividades docentes e investigadoras asignadas. As persoas candidatas deberán contar coa acreditación correspondente á categoría da praza.
- 8 Os concursos realizaranse en dependencias da Universidade de Vigo. Incluirán polo menos unha proba oral, que será pública, sobre os méritos e historial académico docente e investigador, así como do proxecto docente e investigador presentado polas persoas candidatas. É competencia do Consello de Goberno establecer a regulación específica que concrete outros aspectos da realización dos concursos de acceso.

Artigo 19. Concursos de profesorado contratado

- 1 A contratación do persoal docente e investigador, a excepción do profesorado emérito, visitante e lectores/as, farase mediante concursos públicos, que se anunciarán oportunamente.
- 2 Aos concursos de profesorado contratado doutor aplicaráselles o establecido nos apartados 3, 4, 6, 7 e 8 do artigo 18. Dos membros da comisión de acceso diferentes da presidenta ou presidente, un deles exercerá a secretaría e os demais actuarán como vogais. En ambos os casos deberán pertencer á categoría de profesorado contratado doutor ou aos corpos docentes universitarios ou postos equivalentes previstos na lexislación con categoría igual ou superior á de profesor/a titular de universidade. Deberán contar polo menos cun tramo de investigación recoñecido, aínda que, excepcionalmente, o Consello de Goberno poderá eximir estes membros destes requisitos cando non sexa posible completar a comisión con membros que os cumbran.
- 3 Os restantes concursos de profesorado contratado terán carácter de concurso de méritos, e será o Consello de Goberno responsable de establecer as normas concretas e baremos aplicables en cada caso.

Sección sexta: dos dereitos e deberes do PDI

Artigo 20. Dereitos do PDI

Son dereitos do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, ademais dos que lle recoñecen as leis e os Estatutos, os seguintes:

- a) A liberdade académica que se manifesta nas liberdades de cátedra e investigación, segundo se recolle no artigo 5 dos Estatutos.
- b) A formación permanente, coa finalidade de garantir unha mellora da súa capacidade docente e investigadora.
- c) A participación nas iniciativas de control de calidade da docencia e investigación da Universidade de Vigo.
- d) A disposición dunhas condicións laborais, salariais e de traballo dignas, dos recursos económicos, materiais e humanos necesarios que lles permitan ofrecer unha formación científica, profesional, cultural, técnica, investigadora e crítica de calidade.
- e) Os que lle recoñeza este regulamento e as disposicións que o desenvolvan.

Artigo 21. Deberes do PDI

Son deberes do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, ademais dos previstos nas normas xerais e nos Estatutos, os seguintes:

- a) A actualización e o anovamento dos seus coñecementos científicos, así como a súa metodoloxía pedagóxica.
- b) O cumprimento das tarefas docentes e investigadoras e doutras obrigas académicas que lle correspondan, con suxeición aos procedementos de avaliación e control da súa actividade académica.
- c) A asunción das responsabilidades que comporten os cargos para os que sexan elixidos ou designados.
- d) O cumprimento das normas contidas neste regulamento e nas disposicións que o desenvolvan.

Artigo 22. Capacidade docente e capacidade investigadora

O profesorado da Universidade de Vigo ten plena capacidade docente e as doutoras/es teñen plena capacidade investigadora. A Universidade de Vigo ten a obriga de lles facilitar medios e recursos aos seus membros, que non sexan doutoras ou doutores, para conseguir a plena capacidade investigadora. Tamén deberá levar a cabo accións de apoio para o desenvolvemento da capacidade investigadora do seu profesorado doutor.

Artigo 23. Xornada laboral

A xornada laboral e as obrigas docentes do profesorado funcionario serán as que se establezan na lexislación vixente. No caso do profesorado contratado serán as que se fixen no convenio colectivo. Dentro da xornada laboral o profesorado desenvolverá as actividades referidas no artigo 2.

Artigo 24. Mobilidade do PDI

- 1 Nos casos en que un departamento teña déficit entre a carga e a capacidade docente nun campus e superávit noutro, previamente á convocatoria de novas prazas de profesorado, a Universidade poderá establecer mecanismos de mobilidade do seu PDI entre campus:
 - a) En primeiro termo, daráselle preferencia á mobilidade voluntaria do profesorado existente. A citada mobilidade voluntaria poderá ser total ou parcial, e temporal ou permanente.
 - b) En segundo termo, a Universidade poderá aplicar o establecido na lexislación vixente para traslado do seu persoal docente.
- 2 Nos casos de mobilidade parcial, o profesorado terá dereito ás indemnizacións por razón do servizo que correspondan cando teña que desenvolver o seu labor docente en máis dunha localidade coas limitacións que se establezan. Cando o profesorado desenvolva o seu labor en máis dun centro nunha mesma xornada laboral, considerarase como parte desta o tempo de desprazamento entre os centros.
- 3 Nos casos de mobilidade total, se a mobilidade implica un cambio de residencia, aplicarase o disposto na lexislación vixente.
- 4 É competencia do Consello de Goberno elaborar e aprobar unha normativa que regule as condicións da mobilidade do PDI.

Artigo 25. Dedicación a tempo completo e a tempo parcial

- 1 A dedicación do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, tanto do pertencente aos corpos docentes como do persoal docente contratado en réxime laboral, será normalmente a tempo completo, agás no caso do profesorado asociado, visitante, lector, emérito e profesorado interino por substitución, que será a establecida na lexislación ou normativas que correspondan.
- 2 O profesorado a tempo completo, por petición propia, poderá acollerse ao réxime de dedicación a tempo parcial, agás nos casos en que a lexislación estableza que o réxime de dedicación é a tempo completo. En calquera caso, a Universidade primará a dedicación a tempo completo.
- 3 O cambio de dedicación parcial a dedicación a tempo completo solicitaralla a persoa interesada ao Consello de Goberno a través do seu departamento e poderá concederse sempre que as necesidades docentes o permitan.

- 4 Como norma xeral, calquera cambio de dedicación deberá solicitarse no momento da elaboración do POD e, de se conceder, terá efectos a partir do curso seguinte.

Artigo 26. Permisos e licenzas

- 1 O profesorado da Universidade poderá gozar dos permisos e das licenzas recollidos na lexislación vixente, nos convenios colectivos ou noutros acordos.
- 2 Adicionalmente, o persoal docente e investigador poderá solicitar licenzas de estudos para realizar actividades docentes e investigadoras nunha universidade, institución ou centro nacional ou estranxeiro. As condicións para o gozo destas licenzas serán reguladas polo Consello de Goberno.

Artigo 27. Anos sabáticos

- 1 Para facilitar o acceso ao ano sabático do seu profesorado funcionario ou laboral con vinculación permanente, a Universidade de Vigo fará previsión no seu orzamento dos fondos que permitan financiar o gozo deste dereito.
- 2 Para a concesión do ano sabático teranse en conta, fundamentalmente, os períodos de actividade docente e investigadora avaliados positivamente, así como os períodos de xestión desempeñando cargos unipersoais.
- 3 O Consello de Goberno aprobará anualmente a convocatoria anual en que figurarán os requisitos para participar nela, así como os criterios e os procedementos para a súa resolución.

Artigo 28. Comisións de servizo e suspensión do contrato

- 1 En circunstancias excepcionais, o reitor ou reitora poderá concederlle unha comisión de servizo por un curso académico ao profesorado funcionario con máis de tres anos de antigüidade na Universidade de Vigo, e polo menos un na súa praza, que a solicitará co informe favorable do consello de departamento correspondente e do Consello de Goberno. De persistiren as circunstancias que fixeron posible a súa concesión, a comisión de servizo poderá anovarse por outro curso académico soamente.
- 2 En circunstancias excepcionais, poderá suspenderse temporalmente o contrato do profesorado contratado doutor fixo con máis de tres anos de antigüidade na Universidade de Vigo, e polo menos un na súa praza, que así o soliciten co informe favorable do consello de departamento correspondente e do Consello de Goberno. De persistiren as circunstancias que levaron a suspensión, esta poderá anovarse por outro curso académico soamente.
- 3 As retribucións do profesorado en situación de comisión de servizo ou en suspensión de contrato correrán a cargo da institución que os recibe.

Artigo 29. Xubilación

- 1 A xubilación do funcionariado dos corpos docentes universitarios levarase a cabo de acordo coas previsións da normativa vixente.
- 2 A xubilación do persoal docente contratado en réxime laboral regularase nos termos establecidos no convenio colectivo, con suxeición á lexislación específica nesta materia.

Artigo 30. Colaboración con outras entidades ou persoas físicas

- 1 Nos termos establecidos na normativa vixente, o profesorado, calquera que sexa a súa dedicación, poderá celebrar contratos con entidades públicas ou privadas ou con persoas físicas para realizar traballos de carácter científico, técnico ou artístico.
- 2 Tamén poderá participar en cursos de especialización ou actividades de formación organizados pola Universidade de Vigo ou por outras entidades ou persoas, e poderá percibir unha compensación especial polas citadas actividades, todo segundo o disposto nas normas básicas establecidas na lexislación vixente.
- 3 Cando unha empresa de base tecnolóxica sexa creada ou desenvolvida a partir de patentes ou de resultados xerados por proxectos de investigación financiados total ou parcialmente con fondos públicos e realizados na Universidade de Vigo, o profesorado funcionario dos corpos docentes universitarios e o contratado con vinculación permanente que fundamente a súa participación neles poderá solicitar a autorización para incorporarse á devandita empresa, mediante unha excedencia temporal, que se regulará de acordo co procedemento establecido ao respecto.

Sección sétima: da carreira académica

Artigo 31. Promoción do profesorado axudante doutor e contratado doutor

- 1 O profesorado que ocupe unha praza de profesorado axudante doutor ou profesorado contratado doutor que reúna os requisitos legalmente establecidos poderá solicitar a transformación da súa praza a unha de titular de universidade e a convocatoria do correspondente concurso. A praza ocuparáa interinamente a persoa interesada ata a resolución do citado concurso.
- 2 O profesorado que ocupe unha praza de profesorado axudante doutor que, antes do remate do seu contrato, reúna os requisitos legalmente establecidos, poderá solicitar a transformación da súa praza a unha de profesorado contratado doutor e a convocatoria do correspondente concurso. A praza ocuparáa interinamente a persoa interesada ata a resolución do devandito concurso.

Sección oitava: dos programas de promoción

Artigo 32. Programas especiais de promoción

- 1 Ademais do establecido con carácter xeral neste regulamento para facilitar a carreira académica do PDI, a Universidade poderá realizar anualmente unha oferta de novas prazas de profesorado funcionario ou de profesorado contratado doutor.
- 2 Para participar nos programas de promoción requirirase estar acreditado para o corpo de profesorado titular de universidade ou de catedráticos/as de universidade.
- 3 O Consello de Goberno, en función das dispoñibilidades orzamentarias da propia institución e da existencia de programas e incentivos no ámbito estatal e autonómico, fixará as condicións para a creación e saída a concurso das prazas ás que se fai referencia no artigo anterior.

Disposicións adicionais

Primeira

O persoal funcionario doutor do corpo de catedráticos/as de escola universitaria poderá integrarse no corpo de profesorado titular de universidade nas mesmas prazas que ocupe, mantendo todos os seus dereitos e computándose como data de ingreso no corpo de profesorado titular de universidade a que tiveran no corpo de orixe. Quen non solicite a integración permanecerá na súa situación actual e conservará a súa plena capacidade docente e investigadora. Así mesmo, poderán presentar a solicitude para obter a acreditación para catedrática ou catedrático de universidade prevista na LOU.

Segunda

Para os efectos do acceso dun profesor/a titular de escola universitaria ao corpo de profesorado titular de universidade, quen posúa o doutoramento ou o obteña posteriormente e se acredite especificamente, accederá directamente ao corpo de profesorado titular de universidade. Quen non acceda á condición de profesora ou profesor titular de universidade permanecerá na súa situación actual, mantendo todos os seus dereitos e conservando a súa plena capacidade docente e, no seu caso, investigadora.

Terceira

- 1 Quen estea habilitado conforme a LOU 6/2001, de universidades, entenderase que posúe a acreditación.
- 2 Entenderase que o profesorado habilitado para catedrático/a de escola universitaria o está para profesor/a titular de universidade.

Cuarta

As normativas de Consello de Goberno que emanen deste regulamento e que afecten a actividade do profesorado deberán ser negociadas coa representación sindical do PDI.

Disposición adicional

Este regulamento entra en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Claustro e derroga calquera outro acordo ou disposición de igual ou inferior rango que se opoña a el.